

# DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

A. I. Boullón Agrelo (2004): “Diccionario dos apelidos galegos”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 2, 539-553.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

## DICCIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

*Ana Isabel Boullón Agrelo*

Instituto da Lingua Galega | Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela

### INTRODUCCIÓN

O proxecto de investigación que presentamos ten como obxectivo fundamental a elaboración dun *Diccionario dos apelidos galegos*. Os membros do equipo son dous profesores da Universidade de Vigo (Antón Palacio Sánchez e Gonzalo Navaza Blanco) e dous da Universidade de Santiago de Compostela (Fernando Tato Plaza e eu mesma), todos con ampla experiencia na investigación onomástica. Pretendemos elaborar unha obra que, sen deixar de lado o rigor científico (filolóxico e histórico) posúa tamén un carácter divulgativo que transcenda o ámbito académico e chegue a tódolos públicos, pois consideramos que ten un interese colectivo.

É evidente o interese que presenta tamén, non só para a sociedade galega en particular, senón tamén para o estudo da antroponimia no ámbito románico (especialmente portugués e hispánico), pois, por evidentes razóns de tipo histórico, moitos apelidos son de orixe común, fóra das especificidades lingüísticas de cada zona. Por outra parte, a súa dimensión diacrónica sería de utilidade para a lexicografía histórica galega, pois achegaría datos relevantes para a historia de cada palabra: ó citárense as primeiras documentacións de cada voz, os materiais que xa temos informatizados permitiríannos adiantar en certos casos as máis antigas atestacións das palabras do léxico común presentes nos apelidos, isto é, dos apelidos que veñen de alcumes. Neste sentido, contribuiría á tarefa da elaboración dun diccionario histórico nos termos que ten previsto o profesor Ramón Lorenzo (Lorenzo 1982).

Os antecedentes deste proxecto remóntanse á participación de dous membros deste equipo nun proxecto de ámbito europeo, PatRom (*Dictionnaire historique des noms de famille romans*), que se iniciou en 1987 por iniciativa do profesor Dieter Kremer da Universidade de Tréveris (Alemaña), e que está constituído por diferentes equipos de traballo de todo o ámbito románico: Italia, Romanía, Francia (e Bélxica), España (galego, asturiano, español e catalán) e Portugal. Desde o ano 1990 contamos con axudas da Dirección General para la Investigación Científica Y Técnica (Madrid); o centro da Universidade de Santiago coordinou a actividade do territorio español, baixo a dirección do profesor Ramón Lorenzo.

O proxecto PatRom, en que estamos participando activamente, publicou ou ten en vías de publicación unha serie de obras nos que se reflicten os traballos preparatorios e de discusión previos á redacción do Dicionario (actas das reunións científicas, cader nos de normas de redacción, guías bibliográficas de fontes e de estudos, etc.)<sup>1</sup>. O seu obxectivo inmediato é elaborar un primeiro volume de presentación onde se explican os obxectivos, a metodoloxía e as normas de redacción, xunto cunha selección de certos ítems léxicos que abrangue o conxunto dos seus descendentes onomásticos en toda a Romanía. A máis longo prazo, será tamén o xermolo de distintos dicionarios rexionais nos dominios románicos. Como participantes del, podemos tirar unha serie de vantaxes, tanto desde o punto de vista metodolóxico como desde o punto de vista práctico, xa que é moito o traballo adiantado.

En primeiro lugar, xa foi elaborada unha relación de fontes e unha bibliografía baseada en materiais onomásticos. Froito deste traballo é a compilación da maior parte das coleccións documentais galegas publicadas referentes á Idade Media, xunto con outras moitas publicacións de carácter parcial, publicadas a maioría delas como anexos de estudos de carácter histórico.

En segundo lugar, seleccionáronse as fontes para a compilación de nomes e súa introducción no programa informático PatRom. Escolléronse en primeiro lugar as coleccións documentais completas editadas da Alta Idade Media. O achegamento detallado ás fontes permitiunos comproba-lo deficiente estado de edición de moitas delas, o que nos levou a confrontalas cos documentos orixinais; isto supón un traballo extraordinariamente laborioso que se esconde detrás dos resultados, pero necesario se se quere partir de datos lingüísticos fiables. Consecuentemente, no que respecta ás fontes da Baixa

<sup>1</sup> Vid., para máis información, D. Kremer (1992): "Patronymica Romanica (PatRom). Bemerkungen zu einem europäischen Forschungsprojekt", *Beiträge zur Namenforschung* 27, 251-263; ou tamén a serie dos coloquios publicados ata o momento na editorial Niemeyer: D. Kremer (1990): *Dictionnaire historique des noms de famille romans. Actes du 1<sup>er</sup> Colloque (Trèves, 10-13 décembre 1987)*. Tübingen. A. Badia i Margarit (1991): *Dictionnaire historique des noms de famille romans. Actes del III Col.loqui (Barcelona, 19-21 Juny 1989)*. Tübingen. G. Taverdet (1992): *Dictionnaire historique des noms de famille romans. Actes du Colloque IV (Dijon, 24-26 septembre 1990)*. Tübingen.

Idade Media, moito máis abundantes, déuselle preferencia a aquelas que nos ofrecen garantías na súa transcrición (por exemplo, CDMaia ou LNotasRianxo).

O marco cronolóxico estudiado non se limita á Idade Media: para o século XVIII informatizámo-lo amplo material onomástico procedente do Catastro do Marqués de la Ensenada: ata o momento publicáronse os censos correspondentes ás antigas provincias de Santiago, Coruña e Tui. Finalmente, para a época contemporánea utilizámo-lo censo electoral do ano 1980 (1.845.000 persoas, cun total de 3.690.000 ocorrencias). Non obstante, esta última fonte non resulta óptima, ó ser un censo incompleto e conter numerosos erros, polo que a nosa intención é conseguir un máis representativo.

De todas formas, os obxectivos do traballo realizado e o que agora se presenta son diferentes, se ben en certa forma, complementarios: o proxecto PatRom parte dos étimos para facer un amplo desenvolvemento lexical a través de toda a Romanía; o noso proxecto galego parte das formas modernas para dar diferentes informacións en desenvolvementos máis breves. Con todo, os diferentes traballos preparatorios van ser ben útiles para a nosa empresa.

## BIBLIOGRAFÍA FUNDAMENTAL PARA O ESTUDIO DA ONOMÁSTICA DE GALICIA

Creo que se pode afirmar que a situación da investigación onomástica en Galicia ten un desenvolvemento equiparable ó das outras áreas lingüísticas peninsulares, tendo en conta que ningunha delas goza dunha situación demasiado adiantada. Se, por exemplo, fixámo-la nosa atención na lingua máis estendida e poderosa da Península, o castelán, comprobaremos que hai ben poucos estudos de conxunto sobre os apelidos: en realidade, desde a obra pioneira de José Godoy Alcántara de 1871 (*Ensayo histórico-etimológico filológico sobre los apellidos castellanos*. Madrid. Ed. fotost.: Barcelona: El Albir, 1975), que, por certo, contén exemplificación histórica tirada dos Tombos de Sobrado e Celanova, non encontramos outros estudos de carácter xeral, practicamente ata o de Kremer (*LRL* vi.1 1992, 457-474). No que respecta ós dicionarios de apelidos españois, temos referencia de tres: o *Diccionario etimológico de los apellidos españoles, hispanoamericanos y filipinos* de G. Tibón (México: Diana, 1988)<sup>2</sup> e mailo *Diccionario de apellidos castellanos: origen y significado* (La Habana: Echevarría, 1955), estes dous procedentes de América e de escasa difusión na Península, e o recente de J. M. Albaigés: *El gran libro de los apellidos*. (Barcelona: Círculo de Lectores, 1999). Para o catalán (vid. Moreu-Rey 1991), podemos cita-lo repertorio de apelidos de F. de B. Moll (*Els llinatges catalans*. Palma de Mallorca: Moll, 1959; 1987<sup>4</sup>) e, para o vasco, o clásico de L. Michelena, *Apellidos vascos* (San Sebastián: Txertoa, 1973<sup>3</sup>).

<sup>2</sup> Rec.: J. Autrey Dabbs, *Names* 38 (1990), 146-7; R. Rodríguez Ponga, *RFE* 70 (1990), 187-9.

Esta situación contrasta coa amplitude e profundidade dos estudos antroponímicos noutros ámbitos románicos, especialmente Italia e Francia: véxanse, por citarmos algúns dos que consideramos máis representativos, o traballos de E. de Felice sobre os apelidos italianos (*I cognomi italiani. Rilevamenti quantitativi dagli elenchi telefonici: informazioni socioeconomiche e culturali, onomastiche e linguistiche*. Bologna, 1980), G. Caracausi sobre os sicilianos (inclúe tamén topónimos: *Dizionario onomastico della Sicilia. Repertorio storico-etimologico di nomi di famiglia e di luogo*. 2 vols. Palermo: Centro di Studio Filologici e Linguistici Siciliani, 1993), o de M. Th. Morlet sobre os franceses (*Dictionnaire étymologique des noms de famille*. Paris: Perrin, 1991), que continúa os traballos que o seu mestre A. Dauzat comezara co seu *Dictionnaire étymologique des noms de famille et prénoms de France* (Paris, 1951), ou o recentemente aparecido de J. Herbillion / J. Germain (1996) sobre os franceses da área belga.

A seguir realizaremos un breve percorrido polos estudos máis importantes que sobre onomástica, especialmente sobre antroponimia, tiveron como base a lingua galega. Non podemos ignora-la investigación feita por autores portugueses (dos que hai un resumo en Castro 1990, e Kremer 1994b), dado o estreito parentesco entre ámbalas linguas: a este respecto só faremos referencia ós estudos que nos parecen de maior interese.

### a. Bibliografías

Existe un artigo no que se pretende recoller toda a bibliografía publicada sobre onomástica galega (sexa toponimia ou antroponimia), que foi elaborado por membros do equipo PatRom de Galicia (X. L. Regueira Fernández (coord.) (1992): “Bibliografía de lingüística galega (v). Onomástica”, *Cadernos de Lingua* 5, 119-148, actualizado na *Guía bibliográfica de lingüística galega* (Vigo: Xerais, 1996, 181-203).

### b. Tratados de antroponimia

A investigación antroponímica en Galicia foi iniciada por Fr. Martín Sarmiento no séc. XVIII, cunha obra que, coma case tódalas súas, a pesar da súa importancia filolóxica, a penas tivo repercusión no seu tempo (trátase do *Onomástico Etimológico de la lengua gallega*. Ms. asinado en 1757. Tui: Tipografía Regional, 1923). Desde 1999 hai unha edición de J. L. Pensado (A Coruña: Fundación Barrié de la Maza). Esta obra, en palabras do mestre J. Piel, “contribuiría para colocar o seu sábio autor ... no primeiro plano dos precursores da filología moderna, não só da hispânica, mas também da românica em geral. ... Mesmo escrito nos nossos dias, quer parecer-nos que o *Onomástico*, no que toca ao seu fundo científico, não deslustraria nenhum romanista que se preza” (Piel 1969/1971:104).

Como se sabe, por mor da situación sociolingüística de Galicia, debemos facer un salto temporal de case dous séculos para volver a encontrar estudos lingüísticos sobre a lingua galega. En Portugal sería Leite de Vasconcellos quen, contra finais do XIX, estudiaría os nomes cunha perspectiva global, que se había plasmar na súa *Antroponimia Portuguesa* (Lisboa, 1928), que tamén considera algúns materiais de orixe galega.

A obra de síntese sobre a onomástica galega, tanto no referido á antroponimia como á toponimia, constitúea o recente artigo de Kremer (1994a).

### c. Dicionarios onomásticos

No que respecta ós dicionarios, existe un, para o ámbito galego exclusivamente (X. Ferro Ruibal (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo), de intención divulgativa, que recolle información lingüística, histórica, paremiolóxica, etnográfica, artística, etc., con equivalencia ós principais idiomas modernos europeos, pero só dos prenomes, sen entrar a considera-los apelidos. É o repertorio máis extenso e completo de cantos existen, pero as súas etimoloxías (especialmente as dos nomes de orixe xermánica) deben ser revisadas.

Utilizamos de maneira complementaria o *Dicionário onomástico etimológico da língua portuguesa* de Machado (3 vols., Lisboa: Confluência, 1984), a pesar das súas coñecidas deficiencias, por se-la obra máis completa, que abrangue tanto topónimos como antropónimos. Só engadiremos á crítica feita a esta obra<sup>3</sup> que parece mostrar unha certa confusión nos conceptos de ‘galego’ e ‘español’, dando a impresión de que confunde as fronteiras políticas coas lingüísticas; é usual que diga, por exemplo, “de origem espanhola”, e a seguir poña exemplos galegos (sobre todo cando non hai equivalentes portugueses; vid., por exemplo, s. v. *Seoane, Tabuada*); en sentido inverso, ás veces cualifica como ‘galegos’ topónimos castelanizados (como é o caso de *Otero*).

### d. Aspectos particulares

A falta de obras de conxunto, debemos recorrer ós traballos parciais existentes que estudian aspectos particulares: un determinado ámbito cronolóxico (a Idade Media), ou os distintos elementos constitutivos (prerromano, latino, xermánico, árabe). No que atinxe ós alcumes ou sobrenomes, contamos cun estudio de conxunto para toda a Península Ibérica e, limitados a Galicia, algúns repertorios parciais contemporáneos.

O primeiro destes traballos ocúpase só do período cronolóxico altomedieval (ss. VIII-XIII): é unha tese de doutoramento (Boullón Agrelo 1994) que estudia a conformación da antroponimia galega, baseándose en documentación publicada pero confrontando as lecturas coas fontes orixinais, para emenda-los posibles erros de lectura que puidesen conter. Realiza un estudio da evolución do sistema de denominación, da composición etimolóxica do corpus onomástico, un dicionario con cada unha das formas normalizadas (máis de 2.000), e engade apéndices con datos estatísticos.

Tamén se centra na época medieval o traballo de Elixio Rivas, *Onomástica persoal do Noroeste Hispánico* (Lugo: Alvarellos, 1991), de gran utilidade pola cantidade de información que contén, pero que esixe unha consulta prudente por mor de certas eivas metodolóxicas. Baséase especialmente en fontes medievais de todo o Noroeste da Pe-

<sup>3</sup> “lista de textos ... desproporcionada”, “fontes arábicas e orientais em quantidade desproporcionada com o peso real desses sectores onomásticos”, “Para certos textos, não recorre às melhores edições disponíveis”, “aceitação pouco crítica com que Machado segue a lição do seu texto”, “regista no seu dicionário topónimos e antropónimos estrangeiros que não têm história em português [Lindley, por exemplo]” (Castro 1990:11-12).

nínsula, pero os datos dos que parte proceden de fontes non revisadas e, consecuentemente, como é desgraciadamente común nas edicións dos textos medievais galegos, feitas na maior parte por historiadores, presentan moitos erros de lectura. Por outra parte, utiliza unha ordenación temática (“Onomástica prerromana”, “Onomástica romana”, “Onomástica romance”, “Patronímicos de xenitivo”...) e dentro dela, alfabética, pero sen índice analítico final de remisións, polo que moitas veces é laborioso localiza-los lemas. Ademais, non queda moi claro cal foi o criterio de escolla dos nomes (¿frecuencia? ¿antigüidade? ¿exhaustividade?), e as fontes usadas cítanse conxuntamente coa bibliografía. Por último, as súas hipóteses etimolóxicas non semellan nalgúns casos abondo sustentadas. En todo caso, trátase sen dúbida dun material valioso con moitos datos útiles para calquera investigación onomástica.

No que atinxe ós elementos constitutivos, para estudia-la onomástica de orixe prerromana cómpre ter en conta, fundamentalmente, os traballos de M. L. Albertos Firmat, sobre todo *La onomástica personal primitiva de Hispania Tarraconense y Bética* (Salamanca, 1966), e “La onomástica personal indígena del noroeste peninsular (astures y galaicos)” (en J. de Hoz (ed.): *Actas del III Coloquio sobre lenguas y culturas paleohispánicas* (Lisboa, 1980). Salamanca: Universidad, 1985, 255-311), amais do de Palomar Lapesa, *La onomástica personal prelatina en la antigua Lusitania. Estudio lingüístico* (Salamanca, 1957).

Sobre a antroponimia de orixe latina son de consulta obrigada os numerosos estudos de Piel, sobre todo o dos nomes de posesores (*Nomes de ‘possessores’ latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa* (Biblos 23 (1948), 143-202, 283-407), que se deben completar con posteriores artigos do investigador, publicados a maior parte deles en *Verba* (2 (1975), 45-58, 9 (1982), 125-152, 11 (1984), 5-24). Tamén se ocupa de haxiotponimia galega, aínda que non exclusivamente da de orixe latina, o seu traballo “Os nomes dos santos tradicionais hispánicos na toponimia peninsular”, *Biblos* 25 (1949), 287-353; 26 (1950), 281-314.

O estudio fundamental sobre a onomástica de procedencia xermánica é o *Hispano-gotische Namenbuch* de J. M. Piel e D. Kremer (1976); se ben, como o seu título indica, se ocupa dos nomes persoais de todo o ámbito hispánico, boa parte dos seus materiais teñen procedencia galega, xa que nesa época cronolóxica a documentación procede sobre todo do norte peninsular.

En canto á antroponimia galega de orixe árabe, o único traballo que coñecemos dedicado especificamente a ela é un artigo de R. Hitchcock: “Arabic proper names in the Becerro de Celanova” (en D. Hook / B. Taylor (eds.): *Cultures in contact in medieval Spain: Historical and literary essays presented to L. P. Harvey*. London: King’s College, 1990). De maneira complementaria, debe terse en conta o estudio de Pedro Cunha Serra, *Contribuição topo-antroponímica para o estudo do povoamento do noroeste peninsular* (Lisboa: Centro de Estudos Filolóxicos, 1961).

A referencia indispensable para o estudio do léxico común presente nos sobrenomes constitúea unha serie de artigos de Kremer (“Bemerkungen zu den mittelalterlichen hispa-

nischen cognomina”, 1, *Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte* 10 (1970) 123-183, 11 (1971) 139-187, 12 (1972/73) 101-188, 13 (1975/75), 157-221, 14 (1976/77) 191-298, 16 (1980) 117-205, 17 (1981/82) 47-156), onde se ofrece unha perspectiva temática dos alcumes peninsulares, con indicacións etimolóxicas, semánticas, gráficas, e a súa presenza no patrimonio onomástico actual.

No que respecta ós alcumes, hai algunhas recompilacións parciais, relativas a certas zonas: Ramón y Fernández Oxea: “Mil y pico de apodos orensanos”, *RDTP* 27 (1971), 3/4, 345-369); X. Torres Regueiro / X. Cuns Lousa: *Alcumes recollidos en Betanzos* (Betanzos: Concello, 1989), A. da Vila Nova “Sobrenomes e alcuñas de Beluso (Bueu)”, *Museo de Pontevedra* 36 (1982), 435-442); os tres son simplemente repertorios, e inclúen ás veces a motivación dos alcumes. Hai tamén un estudio teórico que parte dos alcumes literarios utilizados por Celso Emilio Ferreiro (Fernando R. Tato Plaza: “Notas de onomástica a propósito dos alcumes en *A taberna do galo*”, en *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, vol. I. Santiago: Universidade, 1992, 361-374), no que se realiza unha caracterización dos procedementos morfolóxicos e sintácticos máis usuais na creación dos alcumes galegos.

### e. Toponimia

O estudio da toponimia é indispensable á hora de analizármolo corpus de nomes de familia, pois unha boa parte deles proceden dos nomes de lugar. Ademais, en Galicia é común a toponimia procedentes de nomes de posesores, tanto de orixe xermánica coma latina; estes topónimos procedentes de nomes persoais pasaron en moitas ocasións a converterse en segundos nomes; así, *Badamundus* nomeaba a súa propiedade *villa Badamunde*, de onde o topónimo moderno *Baamonde*, que tamén corre como apelido. Non hai que esquecer tampouco a haxiotoponimia, outro procedemento de ida e volta para os nomes persoais: de *San Iohannes* procede o haxiotopónimo *Seoane*, que acaba resultando un dos apelidos máis frecuentes. Citaremos primeiro os repertorios, e despois os estudos etimolóxicos que consideramos máis útiles.

Os repertorios toponímicos máis completos son os Nomenclátors referidos ás catro provincias galegas (publicados polo Instituto Nacional de Estadística, Madrid, 1990), onde se van incorporando –aínda que non coa axilidade desexada– as necesarias modificacións realizadas pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia. Ultimamente a dita Comisión comezou a publica-la versión actualizada dos nomenclátors, comezando pola provincia de Ourense (*Nomenclátor de Galicia. Ourense*. Xunta de Galicia. Consellería da Presidencia, 1996; inclúe un disquete informático). É de esperar que pronto lle sigan os das restantes provincias, para podermos contar cunha relación definitiva da toponimia galega sen deturpacións e revisada desde unha perspectiva científica<sup>4</sup>.

<sup>4</sup> Nestes momentos (2001) publicáronse tamén os Nomenclátors correspondentes a Pontevedra (1998) e Lugo (2000). Ademais, pódense facer consultas de todo o material revisado pola Comisión de Toponimia en <http://www.xunta.es/nomenclator/index.htm>.



Contamos con algúns estudos toponímicos de tipo parcial, entre os que destacamos varias teses de doutoramento; unha delas toma como base unha zona costeira de Pontevedra (E. Rivas: *Toponimia de Marín*. Anexo 18 de *Verba*. Santiago, 1982) e outra, realizada por un dos membros do noso equipo, describe a toponimia dunha zona de Lugo (A. Palacio: *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Univ. de Santiago, 1981). Tamén se debe consulta-la recompilación de estudos filolóxicos sobre diferentes aspectos da toponimia galega de A. Moralejo Lasso (*Toponimia gallega y leonesa*, Santiago, 1974), así como o de carácter divulgativo de F. Cabeza Quiles: *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado* (Vigo: Xerais, 1992). Ultimamente publicáronse outras achegas de tipo divulgativo: L. Blanco Rodríguez: *Estudio de toponimia menor en la parroquia de Santa María de Samieira (Poyo – Pontevedra)* (Pontevedra: Diputación Provincial, 1995), e G. Sacau Rodríguez: *Os nomes da terra de Vigo. Estudio etimolóxico* (Vigo: Instituto de Estudios Vigueses, 1996).

#### **f. Material complementario**

Para o estudo dos alcumes e mais dos topónimos con base en substantivos común é imprescindible recorrer ós estudos de léxico: dicionarios sincrónicos, etimolóxicos, outros repertorios léxicos e paremiolóxicos e estudos dialectolóxicos, así como a gramáticas e dicionarios históricos. Creo que aquí abonda con ofrece-las orientacións dadas na *Guía bibliográfica da lingüística galega* (Regueira 1996), especialmente no referido ó material lexicográfico: dicionarios (punto 1.4), repertorios léxicos e glosarios (9.1.2.1.), glosarios da lingua oral (9.1.2.3.), dicionarios etimolóxicos e glosarios de textos medievais (9.2.1) e á dialectoloxía (2.1 e 2.2.).

### **A MACROESTRUCTURA E A MICROESTRUCTURA DO DICCIONARIO**

A estrutura do traballo é a seguinte: en primeiro lugar, presentarase unha introducción que pretende ofrecer unha panorámica da historia da onomástica galega, atendendo fundamentalmente ós seguintes aspectos:

- A procedencia etimolóxica dos apelidos galegos (prerromana, grecolatina, xermánica e árabe).
- A evolución do sistema onomástico. A xénese e formación dos apelidos comeza na Alta Idade Media, coa aparición dos segundos nomes. Un dos procedementos máis utilizado foi morfolóxico: colocábase o nome do pai como segundo nome, e a este engadíase o sufixo patronímico *-ez* (ou *-iz*, *-ici*, *-it* nos documentos latinos, *-es* nos baixomedievais): *Petrus Stephaniz* era fillo de *Stephanus*. Estes patronímicos son os máis frecuentes dos segundos nomes (para as porcentaxes, vid. Boullón 1994:548-549, 564), seguidos dos de orixe toponímica, que indican o nome de lugar de

procedencia da persoa, e os que proceden de alcumes, que aluden polo xeral a diversas características físicas ou psíquicas do individuo ou ben son designativos profesionais. Co tempo, o sufixo patronímico deixou de ser rendible e os segundos nomes fixéronse hereditarios (*Pedro Estévez* xa non era fillo dun *Estevo*, senón dun home tamén apelidade *Estévez*), pero seguiron conservando o seu primeiro lugar en orde de frecuencia.

- A situación sociolingüística, que motivou a castelanización –alomenos gráfica– dun certo número de apelidos. A partir do séc. XV comezou a procederse á regularización sistemática dos apelidos, nun proceso que se deu tamén en castelán, portugués ou francés. O galego sufriu a interferencia do español, de maneira que se cambiaron as grafías ou modificaron outras características fonéticas ou morfolóxicas: de *Martíns* pásase a *Martínez*, de *Seixas* a *Seijas*, de *Outeiro* a *Otero*, de *Romeu* a *Romero*. Os apelidos que se conformaron máis tardiamente, como *Iglesias*, un dos máis frecuentes en Galicia e característico da nosa área xeográfica (Kremer 1994a:36), xa só se rexistran en español. As formas non inmediatamente identificables coas castelás permaneceron, e isto explica algunhas peculiaridades gráficas, fundamentalmente certos trazos arcaicos, dos que hai exemplos en tódalas linguas, que se fosilizan nos apelidos: o caso de *Boo*, equivalente ó adxectivo común *bo*, é ilustrativo.
- A cartografía e estatística onomástica. A obra pecharase cunha terceira parte onde se incluírán diversos mapas sobre fenómenos relevantes e cadros estatísticos sobre os apelidos máis frecuentes e a distribución xeográfica dos que se consideren significativos.
- Relación das fontes utilizadas (as coleccións documentais medievais e os catastros dezaoitescos), que se indicarán no corpus por medio de abreviaturas, e da bibliografía fundamental.

En segundo lugar, o corpus do dicionario propiamente dito constará dun número aproximado de entre 15 e 20.000 entradas, e o criterio de selección será a orde de frecuencia. Contamos, desta maneira, cubrir amplamente o eido dos apelidos galegos, de xeito que a meirande parte da poboación poida acceder a información científica sobre o seu nome de familia. Para a súa escolla contamos cun listado provisional (un censo incompleto dos anos 80) que xa foi tratado informaticamente na Universidade de Tréveris polo profesor Kremer: presenta os datos de maneira alfabética, con indicación do número absoluto de formas e da porcentaxe correspondente e, por outra parte, preséntaos tamén por orde de frecuencia. Sen embargo, pretendemos conseguir unha versión máis actualizada, non tanto polos datos cuantitativos (que na proporción actual consideramos abondo representativa), senón para podermos relacionar cada apelido non só coa súa relación numérica no conxunto do total, senón tamén coa orixe xeográfica (isto é, as zonas de Galicia de onde puido irradiar ou onde ten máis incidencia); deste xeito poderemos

obter unha visión cartográfica, á maneira dos mapas que se realizan, por exemplo, en Bélxica (Herbillon / Germain 1996:II 897-906). Para isto precisamos contar coa base informática que relacione o apelido co concello onde reside a persoa que o porta.

A selección da entrada que encabezarán cada artigo lexicográfico atenderá a un criterio máis ben etimolóxico, e en segundo lugar, a un criterio cuantitativo. Desta maneira queremos contribuír en certa maneira ó establecemento ou restauración das formas propias galegas. Por exemplo, a entrada do patronímico de *Martín* será *Martíns* ou *Martís*, e non *Martínez*, aínda que esta sexa moito máis frecuente, dado que as primeiras formas son as galegas e a última foi regularizada a partir da forma castelá. Ou o apelido *Bello*, que resulta do cambio da grafía de *Vello* (do latín VETULUS), aparecerá baixo a letra *V*. Procederemos da mesma forma cos apelidos compostos ou que presenten aglutinación de preposición + artigo: *Daponte* remitirá a *Ponte*, *Davila* a *Vila*.

A estruturación das entradas, punto clave na elaboración de calquera obra lexicográfica, constará da seguinte microestrutura:

- Indicación baixo o mesmo lema das *variantes* gráficas, dialectais ou castellanizadas, co fin de incluír toda a información dentro da mesma voz e evitar repeticións innecesarias. Isto implicará a existencia de remisións para aquelas voces que lles corresponda a ordenación afastada do lema.
- Indicación de *número absoluto* de ocorrencias en Galicia e, se é relevante, da porcentaxe e do lugar que ocupa na orde de frecuencia.
- *Orixe etimolóxica*. Procurarase ofrece-lo significado dos étimos remotos, cando os apelidos que procedan de nomes de persoa gregos, hebreos ou xermánico. Neste último caso, hai que ter en conta que non é sempre posible dar un significado conxunto. Como se sabe, a maior parte dos nomes xermánicos están compostos de dous elementos onomásticos que, en ocasións, teñen unha relación determinativa<sup>5</sup> (*Teodo-redo* ‘consello do pobo’) ou copulativa (*Ber-ulfo* ‘oso’ + ‘lobo’). Pero hai outro tipo de nomes compostos de elementos aparentemente contradictorios que non se poden interpretar semanticamente de maneira conxunta. Por exemplo, *Fernando* está composto polos elementos góticos \**frip-* ‘paz’ e \**nanþ-* ‘audacia, ousadía’ (Piel/Kremer 1976:134). Tense pensado que, esquecida a significación orixinal dos elementos onomásticos, os nomes novos poderían formarse combinando un elemento do nome paterno con outro do nome materno, de maneira que este citado *Fredenandus* podía ser fillo de *Frede-ricus* e de *Sese-nanda*. O problema é, á parte de falta de datos documentais que corroboren tal teoría, que

“exemplos de nomes «ilóxicos» e intraduzíbeis já ocorrem no fundo mais vetusto do onomástico germânico e indo-europeu, de modo que

<sup>5</sup> Utilizo a terminoloxía de Piel 1989:137.

houve quem preguntasse se não lhes caberia atribuir uma significación mítico-totemista, inaccesível à nossa mentalidade de homens modernos, que procuramos un sentido lógico onde, na intención dos individuos que os moldaram, nunca houve esta intención” (Piel 1989:138).

Independentemente da posible motivación dos máis antigos nomes xermánicos, nunha etapa moi posterior, cando na Península Ibérica estes nomes experimentaron unha gran expansión, e xa se perdera a memoria da lingua xermánica e, polo tanto, do significado dos seus compoñentes, dá a impresión que a xuntanza dos dous nomes era máis ou menos aleatoria, motivada polas connotacións ou a combinación fonética:

“ces noms ont été créés par des populations dont le but n’était pas de produire des noms ayant une signification particulière, mais plutôt de former des noms réunissant deux éléments bien connus d’eux, car ils figuraient dans des noms préexistants” (Morlet 1968:17).

Tendo en conta estas reservas, cremos ser máis prudentes limitándonos a da-lo significado de cada un dos elementos onomásticos, sen atrevernos a conxectar unha hipotética interpretación semántica do composto.

- *Datación documental*: ocorrencia máis antiga da que temos constancia, sexa en fontes latinas ou romances. A orde dos datos será a seguinte: secuencia onomástica (nome, apelidos, profesión), ano, fonte (en abreviatura bibliográfica), páxina.
- Conexión cos topónimos correspondentes e, consecuentemente, coa área xeográfica na que predominen. Darase, en certos casos, *información cartográfica* co obxecto de visualizala extensión e implantación do apelido nas distintas zonas.

Indicamos a continuación algúns exemplos que recollen case tódalas características posibles: alto índice de frecuencia, numerosas variantes gráficas, abundante familia léxica, variantes dialectais circunscritas a un territorio... Ademais, representan os elementos máis significativos na composición do acervo dos apelidos: patronímicos, orixe toponímica, alcume (profesional, característica física ou psicolóxica).

**Biéitez 2, Bieites 5, Viéitez 1.831, Vieites 2.216, Vieytez 2, Vieytes 25.** Patronímico. Do nome de persoa *Bieito*, e este do latín lat. BENE DICTUS ‘bendito’, popularizado entre os cristiáns dos primeiros tempos (como prenome, *Benedictus* atéstase xa no ano 842 TSobrado I 65). A documentación máis antiga do apelido coa forma latina é *Petrus Benedictiz* a.1174 CDXubia 102, e, xa en galego, no séc. XV: *Fernan Beeites* a.1416 LConcelloSantiago 16, *Fernan Bieytes* a.1417 LConcelloSantiago 81. A grafía maioritaria actualmente é con *V-*, antietimoloxicamente, por causa dunha regularización que tivo lugar a partir do XVI: nos

Catastros (1752), máis da metade das ocorrencias está escritas con *V* o que indica que o cambio de grafía estaba consumándose. Hoxe o apelido figura entre os 100 apelidos máis frecuentes de Galicia. Non se atesta no repertorio de apelidos moderno a forma *Bentes*, que é o patronímico correspondente en portugués.

**Calvo** 10.037. Sobrenome. Do adx. *calvo* (lat. CALVU). Aparece con certa frecuencia na toponimia, xa que aplicado a un terreo significa ‘pelado, sen herbas, matas nin plantas’, pero a súa motivación como apelido é seguramente a primeira: ‘que non ten pelo na cabeza’. Documentábase desde moi cedo como alcume: *Elias Kalbo* no a.946 Lorenzo Cronología 54, e coa forma moderna, tamén no s. X: *Pelagius Calvo* a.[942/977] TCelanova 226. Hoxe é un dos 50 apelidos máis frecuentes en Galicia.

**Daponte** vid. **Ponte**.

**Ferreiro** 11.921 (0,65%). **Ferrero** (ast.) 242, **Herrero** (cast.) 791, **Ferrer** (cat.) 571. Sobrenome profesional. Do s. *ferreiro*, e este do lat. FERRARIU. Doc. ant.: parece ser *Ferrariu* a.961 TCelanova 545; como segundo nome, desde o s. XI: *Miron Ferrarii* a.1019 TSobrado I 66, *Petrus Ferreiro* a.1213 CDOseira I 157. É o nome de profesión máis frecuente, igual ca nos outros idiomas (ing. *Smith*, it. *Ferrari*, al. *Smitt*), e un dos 30 primeiros no conxunto dos nosos apelidos.

**Ferro** 3.259. Fierro (ast.) 34. Hierro (cast.) 32. Sobrenome. Do s. *ferro* e este do lat. FERRUM. Doc. ant.: *Fernando Ferro Agudo* a.[942/977] TCelanova 225, *Ferro prepositus* a.1165 TCelanova 184, *Iohannes Ferro* a.1193 TSobrado I 262. A motivación do apelido pode vir de certas características de ‘dureza’ na persoa que o levara; tamén podería vincularse á profesión do ferreiro. Hoxe é un dos 130 apelidos máis frecuentes.

**Golpe** 796. Sobrenome. Do substantivo *golpe* ‘raposo’ (do latín VULPE), forma dialectal propia da área mindoniense (norte das provincia de Lugo e A Coruña). Hai topónimos que o recollen en diferentes composicións: *O Carreiro do Golpe* NclGaliciaCo 340, *Pena do Golpe* NclGaliciaLu 12, e derivados (como *Golpileira(s)*, *Golpellás*), que parecen indicar que a área orixinal de *golpe* era moito máis ampla ca na actualidade. Documentábase xa en textos latinos: *Iohanne Golpe de Cabanas* a.1165-1175 TCaaveiro 333, *Iohannes Petri dictus Golpe* a.1256 DocMondoñedo 140.

**Otero** vid. **Outeiro**.

**Outeiro** 280. **Otero** (cast.) 28.624. Toponímico. Do s. *outeiro* (lat. ALTARIU). Documentábase en fórmulas patronímicas pero aínda como topónimo en textos latinos desde o s. XII: *Froila Iohannis de Outeyro* a.1134 TLourenzá 82; nos galegos, desde o XIII: *Martin Martins d’Outeyro* a.1258 CDMaia 71; coa grafía mo-

derna, en a.1295: *Pero Moniz do Outeiro* CDRamirás 446, e con presenza única como segundo nome, no séc. xv: *Diego d'Outeyro* a.1457 LNotasRianxo 929, *Fernando do Outeyro* a.1457 LNotasRianxo 655. Este apelido foi sistematicamente castelanizado nos rexistros oficiais, de maneira que hoxe é moito máis abundante a forma manipulada cá propia. Xa nos Catastros do séc. XVIII estaba moi avanzado o proceso, como demostra a maioría de *Otero* fronte a *Outeiro*, se ben o uso da preposición aínda era constante: *Joseph de Outeiro [labrador]* a.1752 CatastroSantiago 170, *Juan Estévez do Outeiro [colmeeiro]* a.1753 CatastroTui 100. Actualmente a forma castelanizada é un dos 20 apelidos máis frecuentes.

**Ponte** 2.221. **Puente** (cast.) 2.283. PL.: **Pontes** 179, **Puentes** (cast.) 962. OUTROS: **Da Ponte** 6, **Daponte** 298. Toponímico. Do s. *ponte* (< lat. PONTE). Doc. ant.: *Petrus de Ponte subnotarius* a.1164 TSobrado II 53, *Affonso Eanes da Ponte mercador de Noya* a.1342 DocNoia 17n<sup>o</sup>4. Nos Catastros aparece xa normalmente sen o artigo: *Pedro de Ponte ofizial de zapateiro* a.1753 CatastroTui 118, con algunha excepción: *Pasqual da Ponte carretero* a.1752 CatastroSantiago 170. Nos Catastros só atopamos unha forma castelanizada (*Thomas de Puente tratante en vino* a.1752 CatastroSantiago 106), o que parece indicar que a castelanización sistemática foi posterior a esta época.

**Rodríguez** 162.624 (8,84%). **Rodrigues** 30. Patronímico. Do nome de persoa *Rodrigo*, e este de orixe xermánica, composto dos ítems onomásticos *\*hrôþs* 'victoria, gloria', e *-ricus* 'poderoso'. As documentacións máis antigas son do século XI: *Gundisaluus Ruderiquiz* a.1062 DocSantiago2 406, *Adefonsus Rodriquiz* a.1072 TSamos 467, *Dominico Roderiquiz* a.1089 TSamos 86. A forma galega, con diferentes grafías, atéstase desde o XIII: *Gil Rodrigiz escudeyro* a.1275 CDRamirás 406, *Meen Rodrigues dito Pedreyro caualleyro* a.1274 CDRamirás 396, *Fernan Rodrigues* a.1442 CDMaia 109, *Marina Rodrigez [monxa]* a.1275 CDRamirás 402, *Crixemena Rodriguez* a.1262 CDMaia 42. É o apelido máis frecuente de tódolos galegos e, polo tanto, está espallado por todo o territorio.

**Vieites** vid. **Biéitez**.

#### FONTES DOCUMENTAIS CITADAS

CatastroCoruña = *La Coruña 1752. Según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada*. Int.: B. Barreiro. Madrid: Tabapress. 1990.

CatastroSantiago = *Santiago de Compostela 1752. Según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada*. Int.: A. Eiras Roel. Madrid: Tabapress. 1990.

- CatastroTui = Tui 1752. *Según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada*. Madrid: Tabapress.
- CDMaia = Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-portugués. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referència á situación do galego moderno)*, Coimbra: I.N.I.C.
- CDRamirás = Lucas Álvarez, Manuel / P. P. Lucas Domínguez (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: Public. de Caixa Galicia.
- CDXubia = Montero Díaz, Santiago (1935): *La colección diplomática de San Martín de Jubia* [Ferrol], *Boletín da Universidade de Santiago* 7, 25. [Contén 130 docs. do 977 ó 1199].
- DocMondoñedo = Cal Pardo, Enrique (1990): *Catálogo de los documentos medievales escritos en pergamino, del archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*. Lugo: Deputación Provincial.
- DocNoia = Barreiro García, M<sup>a</sup> del Carmen (1995): *A documentación notarial do Concello de Noia (ss. XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- DocSantiago2 = López Alsina, Fernando (1988): *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Ayuntamiento de Santiago de Compostela / Centro de Estudios Jacobeos / Museo Nacional de las Peregrinaciones, pp. 395-412.
- LConcelloSantiago = Rodríguez González, Angel (1992): *Libro do Concello de Santiago (1416-1422)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- LNotasRianxo = Tato Plaza, Fernando R. (1994): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457). Edición e glosario*. Tese de Doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.
- TCaaveiro = Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio / Juan Carlos de Pablos Ramírez / M<sup>a</sup> Teresa González Balasch (1995): “El Tumbo de Caaveiro. 1<sup>a</sup> parte”, *Cátedra* 3, 267-437.
- TCelanova = Andrade Cernadas, José Miguel (1995): *O Tombo de Celanova*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- TLourenzá = Rodríguez González, Angel / José Angel Rey Caiña (1992): “Tumbo de Lorenzana”. *Estudios Mindonienses* 8, 11-325.
- TSamos = Lucas Álvarez, Manuel (1986): *El tumbo de san Julián de Samos (siglos VIII-XII). Estudio introductorio. Edición diplomática. Apéndices e índices*. Publicacións da Caixa Galicia. Santiago de Compostela [Contén 249 docs. do 785 ó 1200].
- TSobrado = Loscertales de García Valdeavellano, M. (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. 2 vols. Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural / Archivo Histórico Nacional. [Contén 541 documentos de 787 a 1252].

## BIBLIOGRAFÍA

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1994): *Contribución ó estudio da antroponimia medieval galega (ss. VIII-XIII)*. Tese de Doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela. Public.: Tübingen: Max Niemeyer, 1999.
- Castro, Ivo (1990): “A investigación antroponímica em Portugal”, en Dieter Kremer (ed.): *Dictionnaire historique des noms de famille romans. Actes du 1<sup>er</sup> Colloque (Trèves, 10-13 décembre 1987)*. Tübingen: Niemeyer, 10-13.
- Herbillon, Jules / Jean Germain (1996): *Dictionnaire des noms de famille en Belgique romane et dans les régions limitrophes (Flandre, France du Nord, Luxembourg)*. 2 vols. Bruxelles: Crédit Communal.
- Kremer, Dieter (1994a): “Galegisch: Interne Sprachgeschichte III. Onomastik”, en *LRL*, VI.2, 1994, 34-46.

- Kremer, Dieter (1994b): “Portugiesisch: Anthroponomastik”, en *LRL*, VI.2, 518-533.
- Lorenzo, Ramón (1968): *Sobre cronologia do vocabulario galego-português (Anotações ao Dicionário Etimológico de José Pedro Machado)*. Vigo: Galaxia.
- Lorenzo, Ramón (1982): “Proxecto dun dicionario histórico galego”, en Ramón Lorenzo / Dieter Kremer (eds.): *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do coloquio de Tréveris*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1982, 113-123.
- LRL = G. Holtus / M. Metzeltin / Ch. Schmit (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Tübingen: Max Niemeyer.
- Moreu-Rey, Enric (1991): “Catalan: Histoire interne de la langue III. Onomastique”, en *LRL*, v.2, 162-166.
- Morlet, Marie-Thérèse (1968): *Les noms de personne sur le territoire de l'ancienne Gaule du VI<sup>e</sup> au XII<sup>e</sup> siècle. 1. Les nomes issus du Germanique Continental et les créations gallo-germaniques*. Paris: Centre National de la Recherche Scientifique, 1968.
- Piel, Joseph M. (1969/1971): “A propósito de um centenário: O Onomástico de Fr. Martín Sarmiento (1768)”, *RPF* 15, pp. 103-118.
- Piel, Joseph M. (1989): “Antroponímia germânica da Península Ibérica”, en *Estudos de lingüística histórica galego-portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda, 129-148.
- Piel, Joseph M. / Dieter Kremer (1976): *Hispano-gotische Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (coord.) (1996): *Guía bibliográfica de lingüística galega*. Vigo: Xerais.